

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA E ALEMÁ
FACULTADE DE FILOLOXÍA
ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS)



DEPARTAMENTO DE LETRAS, FACULTADE DE FILOLOXÍA
INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS IRLANDESES AMERGIN
ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UDC (EIDUDC)



DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ
FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN
ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UVIGO (EIDO)

Universidade de Vigo

MEMORIAS XUSTIFICATIVAS E ECONÓMICA DA PROPOSTA DO TÍTULO

IDAES
Interuniversity Doctoral Programme
in Advanced English Studies

**PROGRAMA DE DOCTORADO EN ESTUDOS INGLESES
AVANZADOS: LINGÜÍSTICA, LITERATURA Y CULTURA POLA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO**

ÍNDICE

Preámbulo	3
MEMORIA XUSTIFICATIVA	6
1- Requerimentos xerais	6
1.1 Xustificación do interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma	8
1.2 Xustificación da proposta de modificacións do programa de doutoramento	8
1.3 Mercado laboral	9
1.4. Demanda	13
1.4.1. Previsións de matrícula	13
1.4.2. Descrición de medidas previstas para a revisión da titulación motivadas por cambios na demanda	14
1.5. Non duplicidade no SUG	14
1.5.1. Acreditación da non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes	16
1.6. Outros	16
1.6.1. Planificación das conexións das titulacións de grao, mestrado e Doutoramento	16
1.6.2. Coherencia da titulación proposta co Plano Estratégico da Universidade que fai a proposta	17
1.6.3. Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TICs e novas tecnoloxías	18
1.6.4. Incardinación en redes internacionais de calidade	19
2. Requirimentos específicos	19
2.1. Xustificación de previsión mínima de 10 doutorandos	22
MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA	24
1 Orzamento de funcionamento	24
2 Recursos humanos	25
3 Recursos materiais e servizos	26
4 Ingresos de matrícula e financiamento público	33
5 Custo de persoal docente e administrativo	33
6. Orzamento das actividades formativas	34
7. Política de bolsas	34

Preámbulo

A proposta do programa de *Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingua, Literatura e Cultura*, naceu en 2013 co fin de dar resposta a unha serie de necesidades formativas, científicas e profesionais facilmente constatables no Sistema Universitario de Galicia.

1.- O programa de doutoramento xurdiu como transformación coidadosamente estudada e razonada de tres programas de terceiro ciclo xa existentes: "Novas aproximacións aos estudos anglo-norteamericanos e irlandeses" da Universidade da Coruña, implantado durante o curso 2009-2010, con mención de calidade, "Estudos ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas", da Universidade de Vigo, implantado durante o curso 2009-2010, con informe favorable de ANECA na convocatoria 2011 de mención cara á excelencia e, finalmente, "Estudos Ingleses: Tendencias actuais nos estudos ingleses e as súas aplicacións", da Universidade de Santiago, con mención á excelencia na convocatoria de 2011. É pois evidente que a iniciativa se enmarcaba dentro das directrices xerais do *Real Decreto-Lei do 20 de abril de medidas urxentes de racionalización do gasto público no eido educativo*, pois claramente implicou unha racionalización do sistema universitario de Galicia co fin de optimizar recursos e potenciar a súa eficiencia. O programa estaba ademáis academicamente avalado pola excelencia dos títulos que os precederan, nos que participara o mesmo profesorado que agora se incorporaba ao novo título.

2.- Este programa de doutoramento interuniversitario adaptouse tamén ás liñas e criterios establecidos polo Decreto 222-2011, do 2 de decembro, polo que se regulaban as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de decembro de 2001) pois a) optimizaba a oferta docente, b) tiña en conta as demandas do mercado laboral procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro, c) respondía claramente ás necesidades formativas e científicas no Sistema Universitario Galego, d) consideraba e asumía cuestións de innovación docente e investigadora, e) incluía unha descrición dos mecanismos necesarios para introducir modificacións caso de que a demanda e outras circunstancias así o requiriran e, finalmente, dado o seu carácter interuniversitario, garantía a non duplicidade con outros títulos de características similares.

3.- O programa de doutoramento proposto era e segue a ser totalmente viable economicamente, xa que non supuxo nen supón ningunha carga adicional ás arcas públicas ao dispor dos recursos humanos e materiais suficientes para poder levalo a cabo sen necesidade de arbitrar un orzamento específico. Trátase, precisamente, de racionalizar e potenciar ao máximo os recursos que xa temos no Sistema Universitario Galego.

4.- O programa de doutoramento foi considerado como fundamental e básico para a Comunidade Autónoma galega xa que a través do mesmo se forman os futuros investigadores e profesores universitarios no ámbito dos Estudos Ingleses. Os resultados acadados dende a súa implantación no curso académico 2013-14 evidencian xa a incorporación dun nutrido grupo de doutores e doutoras do programa aos cadros de profesorado das universidades galegas e do resto do territorio español.

5. O programa de doutoramento estaba perfectamente incardinado en redes internacionais de calidade grazas aos convenios e acordos existentes por parte dos tres departamentos de Filoloxía inglesa e o Instituto de Investigación de Estudos Irlandeses “Amergin” directamente implicados, así como polo gran número de profesores e especialistas de recoñecido prestixio que tiñan participado en diferentes actividades académicas a nivel de posgrao. Dentro destes acordos e convenios cómpre mencionar os mantidos con diversas universidades europeas a través de programas de mobilidade de alumnos; entre estas se atopan as universidades británicas de Cambridge, Essex, Aberdeen, Roehampton, Birmingham, Leicester, as universidades alemás de Freiburg, Munich, Aachen, Duisburg-Essen, as polacas de Łódź e Lublin, a irlandesa de Cork, as finesas de Tampere e Helsinki, a sueca de Göteborg, as francesas de Rennes e Lyon III, a belga de Ghent, a austríaca de Viena e a Universidade de Islandia.

E preciso destacar o elevado número de profesores estranxeiros, recoñecidos especialistas no ámbito de estudo, que colaboraron coas institucións propoñentes deste programa de doutoramento dende a implantación do mesmo. Entre moitos outros –dos que se da conta anualmente nos informes de seguimento–, se poden mencionar os seguintes: Paivi Pahta (U. de Tampere, Helsinki), Eddie Williams (U. de Bangor, Reino Unido), Laurel Brinton (U. of British Columbia, USA), Fritz Senn (Fundación James Joyce, Zurich), Robert Brinkmeyer (U. of Arkansas, USA), Karin Aijmer (U. of Göteborg, Suecia), Alexander Bergs (U. de Osnabrück), Annette Rosenbach (U. de Paddeborn), Patricia Waugh (U. de Durham, Inglaterra), Stephen Cushman (U. de Virginia), Edward Larrissy (Queen's University, Belfast, Reino Unido), Martha Bigelow (U. of Minnesota, USA), Ewa Piechurska-Kucier (U. de Opole, Polonia), Mario Avelar (Universidade Aberta de Lisboa), Maurice Harmon (Poeta e crítico), Kristina Everett (U. de Sydney, Australia), Ekaterina Eynuaeva (Moscow State Linguistic University), Bernadette O'Rourke (U. Herriott-Watt, Edimburgo), Maighread Medbh (Poeta irlandesa), Hadrian Lankiewich (U. de Gdansk), Maurizio Gotti (U. de Bergamo, Italia), David Banks (U. de Brest, Francia), Irma Taavitsainen (U. de Helsinki, Finlandia), Bernard O'Donoghue (U. de Oxford), Astradur Eysteinnsson (U. de Island, Islandia), Smaro Kamboureli (U. de Guelph, Canadá), e Larissa Lai (U. de Calgary, Canadá), Hans Boas (U. Texas, Austin), Bronwen Evans (U. College London), Barbara Korte (Albert-Ludwigs-Universität), Roman Bartosch (U. Cologne), Anne Fogarty (University College Dublin), Marcus Callies (U. Brennen), Sarah Knight (U. Leicester), Maureen O'Connor (U. Galway).

A lista completa e actualizada de todos os colaborados anuais do programa pode consultarse na páxina web oficial do mesmo, no apartado de novas, nas webs dos grupos e institutos de investigación asociados ao programa, e son detallados nos autoinformes de seguimento anuais elaborados pola coordinación do título.

6. As Escolas de Doutoramento, os tres Departamentos, os Grupos de Investigación e os Institutos de Investigación implicados nesta proposta teñen contado tamén co apoio e a colaboración de institucións académicas e de entidades do ámbito socioeconómico como o Consorcio Internacional ARCHER de Lingüística de corpus coordinado pola Universidade de Manchester, a rede de investigación LingNet Europe (Network of Centres for Linguistics and Research Groups in Europe), CLARIN (Common Language Resources and Technology Infrastructure), o Instituto Cervantes, o Centro de Investigación Ramón Piñeiro, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo,

REPSOL, o Centro Hospitalario Juan Canalejo, a Sociedad Española de Literatura Popular, Faro de Vigo, Atlántico Diario, etc.

7- O programa de doutoramento está avalado por grupos de investigación altamente competitivos da área dos Estudos Ingleses das tres universidades de Galicia. Na USC: Variación, cambio lingüístico e gramaticalización (VLCG); Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, tradución e deseño textual (LAEAITDT), Discurso e identidade (DI-1924). Grupo de investigación multidisciplinar para o estudio da lingua, da literatura e da cultura en inglés. No caso da UDC: Literatura e cultura inglesa moderna e contemporánea (CLIN); Estudos Irlandeses, Instituto Universitario de Investigación “Amergín”; Research Group for Multidimensional Corpus-based Studies in English (MuStE) e Culturas e Literaturas dos Estados Unidos de América (CLEU). Na UVigo: Variación Lingüística e Categorización Textual (LVTC); Diseño de Modelos e Materiais Didácticos para o Ensino-Aprendizaxe de Linguas Extranxeiras; Negociacións Textuais e Culturais no Ámbito Anglófono, e Grupo de Investigación en Estudos Literarios e culturais, Tradución e Interpretación.

Tamén apoian ao programa con recursos materiais e humanos, os institutos de investigación Instituto de investigación LINGUA (UVigo), Instituto Universitario de Estudios Irlandeses Amergin (UDC), Instituto de Investigación en Humanidades (iHUS) e o Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS) de inminente constitución da USC.

8.- Este programa de doutoramento inclúe aspectos de formación investigadora dirixidos aos doutorandos, comprendendo tanto formación transversal como específica. A formación recibida evidénciase nos CVs dos doutorandos/as egresados en forma de aproveitamento de cursos de formación e de especialización, participación en calidade de poñentes en seminarios e congresos, participación na organización de eventos académicos, integración en grupos e proxectos de investigación, estadías de investigación e publicacións de impacto.

9.- Os antecedentes do programa así como os datos de matrícula e de teses lidas dende a implantación do programa interuniversitario no curso 2013-14 avalan que o número mínimo de catro teses leídas nun período de catro anos está totalmente garantido así como o índice de alomenos 10 alumnos matriculados. Deste xeito, foron 79 as teses doctorais, de xeito que na USC obtiveron o título de doutor/a un total de 33 alumnos/as do programa, formáronse 23 novos doutores na UVigo e na UDC obtiveron o máximo grao académico 23 estudantes. A media de admisión e matrícula por ano no programa durante os anos de implantación do mesmo foi superior aos 21 alumnos/as no conxunto das tres institucións, superando amplamente estas cifras o número de solicitantes que anualmente optan á admisión no programa.

10.- Tamén dende a implantación do título no curso académico 2013-2014 ata a actualidade, os datos de inserción laboral dos doutorandos/as egresados/as foi moi superior ao 95%, destacando neste aspecto o elevado número de novos doutores que xa están a formar parte de cadros de profesorado de universidades españolas e galegas, como é o caso, entre outras, da Universidade Complutense de Madrid, Universidade das Illas Baleares, Universidade de Cantabria, Universidade de Sevilla, Universidade Pablo

Olavide, Universidade de Oviedo, Universidade de Zaragoza, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña e Universidade de Santiago de Compostela.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Requerimentos xerais:

1.1 Xustificación do interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

O RD 1393/2007, de 29 de outubro determinaba o marco xeral de regulamento dos procesos de verificación, seguimento e acreditación aos que terán que someterse as ensinanzas universitarias oficiais. Nese decreto entendíase como estudos de doutoramento o terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais que conducen á adquisición de competencias e habilidades relacionadas coa investigación de calidade. O programa de doutoramento era así concebido como o conxunto de actividades que teñen como obxectivo principal o desenvolvemento da formación académica do doutorando así como o establecemento dos procedimentos e liñas de investigación para a realización de teses doutorais. A proposta de Programa de Doutoramento que se presentaba encádrabase nese contexto así como dentro do mapa xeral de titulacións de Galicia.

Os Estudos Ingleses contaban e seguen a contar no sistema universitario galego cunha importante presenza e longa tradición que se reflicten na oferta de titulacións de grao e mestrado desta disciplina nos tres centros universitarios da comunidade: Universidade de Santiago, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña. Estes novos graos substituíron ás licenciaturas en Filoloxía Inglesa como resultado da adaptación das ensinanzas universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O curso académico 2012-2013 supuxo, de feito, a total implantación destes novos graos que coincidiu coa extinción das licenciaturas en Filoloxía Inglesa. Así mesmo, durante o curso 2013-2014 implantouse o título de *Mestrado interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* coa participación das tres universidades galegas e os respectivos Departamentos de Filoloxía Inglesa. Todos os títulos así como o mestrado interuniversitario da especialidade seguen a ter unha elevada demanda anual de matrícula na actualidade e xa recibiron a renovación da acreditación en base ás evidencias de viabilidade e calidade dos mesmos.

En consecuencia, semella evidente que a Comunidade Autónoma Galega segue a demandar un programa de especialización e investigación específico en Estudos Ingleses que conte coa participación activa de profesorado e investigadores das tres universidades galegas nun proxecto común de formación de doutores nas grandes liñas de investigación que se poden distinguir dentro deste amplo ámbito de coñecemento como son Estudos de Literatura(s) e cultura(s) en lingua inglesa e Estudos de lingua e lingüística inglesas, que engloban os estudos da cultura e os textos literarios ingleses, a

cultura e a literatura norteamericana, outras literaturas en lingua inglesa, a lingüística inglesa nas súas vertentes sincrónicas e diacrónicas, e a lingüística aplicada ao ensino e aprendizaxe do inglés e á tradución.

Este proxecto común das tres universidades galegas une as potencialidades e aproveita todos os recursos humanos e de infraestruturas existentes en Galicia. Moi especialmente, cabe tamén sinalar que se distingue de calquera outra iniciativa semellante no ámbito das linguas modernas, dado que non existe hoxe por hoxe ningunha agregación de programas de terceiro ciclo en Galicia que tomara como punto de partida tres programas de doutoramento distinguidos con: a) mención cara á excelencia na convocatoria de 2011, tal como era o caso do programa da Universidade de Santiago de Compostela; b) mención de calidade (programa da Universidade da Coruña); e c) informe favorable de ANECA na convocatoria de 2011 de mención hacia á excelencia (programa da Universidade de Vigo).

Ao tempo, o programa deu debido cumprimento ás directrices emanadas do Real Decreto-Lei 14/2012 de medidas urxentes no ámbito educativo, publicado no BOE do 21 de abril dos correntes, no que de xeito explícito se recomenda na páxina 30977: "la racionalización del mapa universitario y la cooperación interuniversitaria para la impartición conjunta de titulaciones", e onde tres páxinas máis adiante se afirma que "las universidades, para el mejor cumplimiento de sus funciones al servicio de la sociedad, podrán cooperar entre ellas, mediante la creación de alianzas estratégicas que permitan desarrollar conjuntamente enseñanzas conducentes a la obtención de títulos universitarios ... en programas y proyectos de excelencia".

A proposta inicial, implantada no curso académico 2013-2014 xurdiu como transformación dos Programas de Doutoramento previos:

- "Novas aproximacións aos estudos anglo-norteamericanos e irlandeses" da U. da Coruña, implantado durante o curso 2009-2010, con mención de calidade. Este programa naceu como transformación doutro anterior "Novas aproximacións aos estudos ingleses", regulado polo RD 778/1998.
- "Estudios ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas", da Universidade de Vigo, implantado durante o curso 2009-2010, con informe favorable de ANECA na convocatoria 2011 de mención cara á excelencia. Este programa xurdiu como transformación do anterior "Lingua, literatura e pensamento: miradas desde o S XXI", regulado así mesmo polo RD 778/1998.
- "Estudios Ingleses: Tendencias actuais nos estudos ingleses e as súas aplicacións", da Universidade de Santiago, con mención á excelencia na convocatoria de 2011, implantado durante o curso 2009-2010. Este programa xurdiu como transformación doutro de denominación similar pero regulado polo RD 778/1998.

Dende a súa implantación, o programa tivo unha media de máis de 21 doutorandos matriculados anualmente no conxunto das tres institucións participantes no título e se defenderon 79 teses de doutoramento.

Destacamos tamén o nutrido número de doutorandos que obtiveron bolsas en convocatorias competitivas durante os anos que leva implantado o programa (FPI, FPU e Contratados predoutorais da Xunta de Galicia).

Todos os indicadores de calidade anteriormente resumidos están a disposición pública en:

<https://www.usc.gal/es/estudios/doctorados/artes-humanidades/programa-doctorado-estudios-ingleses-avanzados-linguistica-literatura-cultura>

<https://estudios.udc.es/gl/study/quality/5018V01>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>

1.2 Xustificación da proposta de modificacións do programa de doutoramento.

Mantéñense na actualidade todas as circunstancias que avalaron o programa e permitiron a súa verificación e implantación. Trátase, ademáis, dun programa que se someteu con éxito á renovación da acreditación concedida en 2021.

Agora, con motivo dos cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento; así como por mor dos cambios normativos derivados dos novos Regulamento de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024) da UDC (01/10/2024) e da UVigo (28/06/2024) propoñemos unha serie de modificacións co fin de adaptar o programa ás novas normativas así como co obxectivo de aproveitar a experiencia acumulada durante os dez anos de implantación do título. As modificacións, que non mudan nen afectan aos obxectivos, contidos, organización nen competencias do programa, conlevan unha revisión dos seguintes aspectos da memoria verificada e cuxa acreditación foi renovada en tempo e forma:

1. Descripción do programa de doutoramento	
2. Competencias	
3. Acceso e admisión de estudantes	Revisión dos requisitos específicos de acceso, dos criterios de selección para a admisión, e da documentación necesaria para solicitar a admisión no programa.
4. Actividades formativas	Cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento; cambios normativos derivados dos novos Regulamento de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024) da UDC (01/10/2024) e da UVigo (28/06/2024); e cambios derivados do Informe Final de Renovación da Acreditación do Programa: Actualización do plan formativo e das actividades formativas

	de carácter obrigatorio (número, tipo e seguemento das mesmas)
5. Organización do programa	<p>Cambios normativos derivados do novo RD 576/2023, que modifica o RD 99/2011 que regula os estudos de doutoramento. Os cambios normativos derivados do novo Regulamento de Estudos e Doutoramento da USC (30/08/2024), da UDC (01/10/2024) e da UVigo (28/06/2024).</p> <p>Definición/revisión dos seguintes apartados, de cara a súa publicación na páxina web do programa:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Agrupamento das liñas de investigación en dous grandes epígrafes que abarcan as liñas xa ofertadas, así como inclusión dunha breve descrición das liñas de investigación. -Revisión dos requisitos específicos de acceso, os criterios de selección para a admisión, e a documentación necesaria para solicitar a dita admisión no programa. -Descrición da duración dos estudos. -Descrición do perfil dos egresados e as saídas profesionais do programa. -A revisión/inclusión dos requisitos de calidade das teses.
6. Recursos humanos	Actualización do profesorado que participa no programa, dos seus méritos e da súa ascrición ás liñas de investigación
7. Recursos materiais e apoio dispoñibles para os/as doutorandos/as	Actualización dos recursos materiais e de apoio a disposición do alumnado do programa nas tres institucións participantes no programa.
8. Revisión, mellora e resultados do programa	Actualización dos sistemas de garantía de calidade do Programa implementados polas tres institucións.

1.3 Mercado laboral.

Dentro da investigación e os estudos de terceiro ciclo de Humanidades, os Estudos Ingleses son os que tradicionalmente veñen contando cunha das maiores demandas no panorama universitario español e galego. Más de 40 Departamentos contan na actualidade con graos en Estudos Ingleses e a maioría destes ofrece un e incluso máis

programas de terceiro ciclo que adoitan incluír estudos sobre a lingua, literatura e cultura dos países anglófonos. Na actualidade están xa en vigor máis de 20 programas de posgrao centrados especificamente nos Estudos Ingleses, mestrados e programas de doutoramento, aprobados segundo a normativa do RD 1389/2007. A meirande parte destes programas constitúense arredor do eixo esencial da proxección social do patrimonio lingüístico e cultural das comunidades anglófonas. Este patrimonio é moito máis que o reflexo dun pasado lonxano, neutro e estático. A función da actividade investigadora neste eido vai máis aló das tarefas de simple descrición e catalogación. O patrimonio cultural e lingüístico forma parte do presente e os investigadores aos que aspira a formar o programa de doutoramento interuniversitario en Estudos Ingleses deberán ser capaces de interpretar os seus rexistros integrados no mundo actual cos medios actuais e os seus contextos contemporáneos. Sobre estas liñas xerais adquiren sentido o estudo e a investigación na disciplina proposta.

Ademais do anterior é indubidable o papel que a lingua inglesa desempeña na nosa contorna. Tanto a nivel do Estado como na vertente máis restrinxida da nosa comunidade galega, o inglés é a lingua estranxeira máis estudada e a comunidade educativa e a sociedade en xeral recoñecen o seu valor e a súa importancia como medio de comunicación internacional, resultando case imprescindible non só para calquera tarefa académica senón tamén para o desempeño de moitas actividades laborais. É evidente entón que a nosa comunidade necesita persoal investigador que estea plenamente capacitado para levar a cabo proxectos e actividades que afonden nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses actuais desde Galicia e para Galicia, pois así contribuirá a crear coñecemento e ademais servirá para formar a estudantes que logo poderán desenvolver tarefas laborais e académicas cunha formación axeitada. É tamén pertinente poñer de manifesto as relacións de Galicia cos países de fala inglesa non só por razóns de carácter histórico como pode ser o caso de Irlanda, senón tamén por factores de carácter social como a emigración e pola mútua influencia nalgúns casos nos eidos artístico, literario e cultural.

Boa parte do alumnado do programa de doutoramento provén do Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, e máis dun 90% dos que obtiveron o título de doutor/a están a ocupar postos acordes coa súa formación, formado xa parte dos cadros de profesorado das universidades galegas e do resto do territorio nacional.

O programa que aquí se presenta e xustifica aglutina as liñas marco de investigación que permiten dar cabida a toda persoa interesada en afondar e investigar en calquera faceta dos Estudos Ingleses. A agregación de programas e dos recursos humanos e materiais das tres universidades, tal como se mencionou máis arriba, permite aproveitar ao máximo as posibilidades existentes, repercutindo de maneira moi positiva na formación dos doutorandos.

As dúas liñas xerais de investigación, Estudos de Literatura(s) e cultura(s) en lingua inglesa e Estudos de Lingua e Lingüística inglesas, cubren todas as áreas importantes dos Estudos Ingleses de hoxe en día e engloban as liñas que se viñan ofertando, sendo catro delas de carácter literario e cultural:

1. Estudos de literatura e cultura inglesa: Investigación en literatura e cultura inglesas, incluíndo estudos literarios, culturais e de tradución literaria.
2. Estudos de literatura e cultura norteamericanas: Investigación en literatura e cultura norteamericanas incluíndo estudos literarios, culturais, históricos e de tradución literaria.
3. Literatura e cultura irlandesa: Investigación en literatura, cultura e historia irlandesas, e estudo das relacións socioculturais entre Irlanda e Galicia.
4. Outras literaturas en lingua inglesa: Literatura escocesa, australiana, africana e outras postcoloniais

As tres restantes centrábanse en distintos niveis lingüísticos desde ópticas, perspectivas e metodoloxías diferentes:

5. Lingüística Aplicada ao ensino do inglés a á tradución: Inclúe investigacións da lingüística inglesa aplicada á tradución e ao ensino e aprendizaxe do inglés.
6. Estudos de corpus, cognición, variación e cambio na lingua inglesa: Inclúense aquí investigacións sobre os distintos niveis da lingua inglesa (fonética e fonoloxía, morfosintaxe e semántica, léxico) desde unha perspectiva sincrónica e diacrónica, utilizando, no seu caso, unha metodoloxía de corpus e da psicolingüística.
7. Estudos de discurso en lingua inglesa: Investigacións no ámbito da Lingüística textual, a Pragmática e o discurso.

As mencionadas liñas de investigación permiten sen dúbida algunha incorporar perfís profesionais e investigadores de moi diverso tipo, garantindo de feito que calquer doutorando atope os cauces necesarios para realizar a investigación que se propón con total garantía de éxito. Ademais do anterior, o potencial deste programa ven tamén avalado polos grupos e institutos de investigación da área dos Estudos Ingleses integrados nos Departamentos de Filoloxía Inglesa das tres universidades e que están distribuídos do xeito seguinte:

a) Universidade de Santiago

Variación, cambio lingüístico y gramaticalización (VLCG). Investigadora principal: María José López Couso. (<https://investigacion.usc.gal/grupos/4570/detalle>)

Lingüística aplicada a la enseñanza y aprendizaje de inglés, traducción y diseño textual (LAEAITDT). Investigador principal: Ignacio M. Palacios Martínez. (<https://investigacion.usc.gal/grupos/4680/detalle>)

Discurso e Identidad. GI multidisciplinar para el estudio de la lengua, la literatura y la cultura en inglés. Investigadora principal: Laura María Lojo Rodríguez (<https://investigacion.usc.gal/grupos/4722/detalle>)

Instituto de Investigación en Humanidades (iHUS). Directora comisaria: Laura María Lojo Rodríguez (<https://www.usc.gal/gl/investigar-na-usc/investigar/institutos-centros-investigacion/institutos/iHUS>)

b) Universidade da Coruña:

Literatura y cultura inglesa moderna y contemporánea (CLIN). Investigadora principal: María Jesús Lorenzo Modia (<https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000274>)

Estudios Irlandeses. Investigador principal: Eduardo Barros Grela. (<https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000224>)

Research Group for Multidimensional Corpus-Based Studies in English. Investigadora principal: Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño (<https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000238>)

Culturas y Literaturas de los Estados Unidos de América. Investigadora principal: Begoña Simal González (<https://investigacion.udc.es/es/Research/Details/G000604>)

Instituto Universitario de Estudios Irlandeses Amergin, de la UDC. Director: David Clark Mitchell (https://www.udc.es/es/investigacion/institutos_investigacion/instituto/?codigo=I906)

c) Universidade de Vigo:

Variación Lingüística y Categorización Textual (LVTC). Investigador principal: Javier Pérez Guerra. (<https://portalcientifico.uvigo.gal/grupos/17769/detalle>)

Grupo de Investigación en Estudios Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BiFeGa). Investigadora responsable en el programa de doctorado: Belén Martín Lucas (<https://portalcientifico.uvigo.gal/grupos/17820/detalle>)

Negociaciones textuales y culturales en el ámbito anglófono (NeTeC). Investigadora principal: María Teresa Caneda Cabrera (<https://portalcientifico.uvigo.gal/grupos/17805/detalle>)

Diseño de modelos y materiales didácticos para la enseñanza-aprendizaje de lenguas extranjeras (HI12). Investigadora principal: María Rosa Alonso Alonso (<https://portalcientifico.uvigo.gal/grupos/17763/detalle>)

Instituto Universitario de Investigación Lingua de la UVigo. Director: Javier Pérez Guerra (<https://www.uvigo.gal/es/investigar/investigacion-produccion-cientifica/estructuras-investigacion/institutos-investigacion>).

Finalmente, é importante incidir no feito de que este programa de doutoramento de carácter interuniversitario de Estudos Ingleses proporcionará aos alumnos que o completen toda unha serie de competencias académicas, habilidades e destrezas profesionais que lles permitirán emprender tarefas laborais de moi diverso tipo que irán desde o propio ensino da lingua inglesa e da súa literatura e cultura a labores de corrección e edición de textos, tradución, asesoramento no uso das novas tecnoloxías onde a lingua inglesa cumpra un papel importante, traballo en empresas, editorais, fundacións culturais, organismos públicos como concellos, axencias de turismo, institutos universitarios, etc. Asimismo, convén sinalar que non é para nada descartable que algunhas destas actividades se poidan levar a cabo desde o autoemprego ou desde empresas mixtas onde se combinen intereses públicos e privados.

1.4 Demanda.

1.4.1. Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Xustificamos a demanda e as previsións de matrícula en base a experiencia e traxectoria mantida dende a implantación do título no curso académico 2013-2014, nas consideracións que seguen:

- O elevado número de solicitudes de admisión anuais nas tres sedes nas que se oferta o título que adoitan a superar as 30 solicitudes (unha media de 15 solicitantes por universidade)
- O número de matrícula efectiva que, aínda con lixeiras oscilacións segundo o ano, supera unha media de 20 alumnos matriculados no programa.
- O feito de que o programa de doutoramento se nutre moi especialmente dos titulados no Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, único mestrado da especialidade no SUG, sendo por tanto necesario continuar ofertando a estes titulados a posibilidade de continuar a súa formación a nivel de doutoramento.
- A capacidade do programa de doutoramento de atraer candidatos doutras universidades do territorio nacional e, moi especialmente, estranxeiros.

En consecuencia, a ampla oferta de liñas de investigación dentro do programa, a dispoñibilidade dunha gran cantidade de recursos humanos e materiais, a alta formación académica e investigadora dos profesores participantes xunto co interese das actividades formativas proxectadas para os doctorandos seguen a servir de revulsivo para atraer a un

gran número de estudantes, non só da nosa comunidade autónoma senon tamén de outras do Estado e incluso do estranxeiro.

Este programa é demandado por todos aqueles alumnos que desexan obter as competencias e habilidades propias da actividade investigadora no ámbito dos estudos ingleses, tendo como horizonte a súa colaboración e traballo en centros de investigación e nas propias universidades. O programa axuda tamén a culminar o período de formación e investigador de futuros académicos e profesores universitarios, facilitando aos estudantes galegos a posibilidade de concorrer en condicións similares que outros graduados nacionais e europeos a ofertas de traballo, xa que existen programas oficiais de doutoramento en estudos ingleses na maior parte das prestixiosas universidades europeas e norteamericanas.

1.4.2 Descrición de medidas previstas para a revisión da titulación motivada por cambios na demanda.

O programa no seu conxunto é avaliado ao final de cada curso académico co fin de subsanar deficiencias, identificar puntos débiles, introducir modificacións de acordo coa demanda e elaborar unha serie de accións de mellora para o curso seguinte. Esta tarefa de avaliación é realizada, en primeiro lugar, pola Comisión Académica Interuniversitaria, a cal recaba información das subcomisións académicas das tres universidades. Ademais, os profesores participantes e mailo alumnado do programa participan ao final do curso académico en enquisas e/ou cuestionarios, a través dos que se lles solicita a súa opinión sobre o programa. Toda esta información serviu ata o momento para mellorar o programa e atender aos cambios que na demanda e no eido laboral se puideron ir producindo.

1.5. Non duplicidade.

Esta proposta interuniversitaria xurdiu como transformación dos programas de doutoramento seguintes:

- “Novas aproximacións aos estudos anglo-norteamericanos e irlandeses” da U. da Coruña, implantado durante o curso 2009-2010, con mención de calidade.
- “Estudos ingleses avanzados, interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas”, da U. de Vigo, implantado durante o curso 2009-2010, con informe favorable de ANECA na convocatoria 2011 de mención hacia á excelencia.
- “Estudos Ingleses: Tendencias actuais nos estudos ingleses e as súas aplicacións”, da U. de Santiago, con mención á excelencia na convocatoria de 2011, implantado durante o curso 2009-2010.

Ademais, a traxectoria do programa de doutoramento nos tres Departamentos universitarios e Escolas de Doutoramento implicadas avalan e garanten os bos resultados e o éxito do presente proxecto. Cómpre salientar o alto número de teses presentadas dende a implantación do programa no curso 2013-2014 (un total de 79) e a

consecución e participación dos membros destes Departamentos nunha gran cantidade de proxectos de investigación de carácter competitivo a nivel nacional, internacional e autonómico (máis de 40), así como en redes de investigación financiadas pola Xunta de Galicia. Por último, é importante indicar tamén a gran capacidade de formación destes grupos de investigación, demostrada polo gran número de contratos pre- e posdoutorais de distintos programas dos Ministerios correspondentes (FPU, FPI, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Margarita Salas, María Zambrano, Beatriz Galindo) e da Xunta de Galicia que conseguiron desenvolver competencias e adquirindo técnicas de investigación claves para a realización das súas teses de doutoramento.

As tres Escolas de Doutoramento, os departamentos, os grupos de investigación e os Institutos de implicados nesta proposta teñen un amplo historial de colaboración, plasmado, entre outros aspectos, na súa pertenza a varias redes de investigación, financiadas en convocatorias competitivas da Xunta de Galicia, nas que participaron a práctica totalidade dos grupos de investigación que avalan o programa de doutoramento:

- 01/01/2007: Rede Círculo de Lingüística Inglesa (ELC, coordinadora Teresa Fanego Lema, USC). Disfrutou de financiación ininterrompida da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través das axudas con códigos: 2006/14-0, 2008/047 y CN2011/011.

- 01/01/2009-31/12/2010: Rede Deseño, construción e explotación de corpus lingüísticos (referencia 2009/047; coordinador Guillermo Rojo Sánchez, USC), coa participación de nove grupos de investigación das tres universidades do SUG, varios deles implicados no programa de doutoramento proposto.

- 01/01/2008-31/12/2010: Rede de Lingua e Literatura Inglesa e Identidade (referencia 2007/0145-0, coordinadora: María Jesús Lorenzo Modia, UDC), financiada pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, desde 2008 polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

-01/01/2014-31/12/2015: Rede de Lingua e Literatura Inglesa e Identidade II (referencia R2014/043., coordinadora: María Jesús Lorenzo Modia, UDC), financiada pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-01/01/2017/31/10/2019: Rede de Lingua e Literatura Inglesa e Identidade III (referencia ED431D2017/17). Coordinadora María Jesús Lorenzo Modia. Financiada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.

Ademais estes tres Departamentos e o Instituto universitario de Estudos Irlandeses *Amergin* manteñen ou mantiveron convenios de colaboración en actividades de investigación e formación con diversos centros, organizacións empresariais, institutos universitarios e institucións académicas. Entre estes se poden mencionar o Consorcio Internacional ARCHER de Lingüística de Corpus coordinado pola Universidade de Manchester, a rede de investigación LingNet Europe (*Network of Centres for Linguistics and Research Groups in Europe*), CLARIN (*Common Language Resources and Technology Infrastructure*), o Instituto Cervantes, o Centro de Investigación Ramón Piñeiro, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, as

empresas REPSOL e Construdata21 S.L., a Fundación Comarcal da Marina Central e a Editorial Netbiblo.

Da internacionalización dos grupos de investigación que presentan a proposta da boa conta a colaboración e participación nos seus programas de doutoramento ao longo dos últimos anos dun gran número de profesores e especialistas de recoñecido prestixio de diversas universidades europeas e norteamericanas, que xa se mencionaron no preámbulo e que se poden consultar actualizados tanto nas páxinas webs dos grupos e institutos de investigación como na web propia do programa e nos informes anuais de seguemento. Engadimos ao xa exposto, o elevado número de institucións que colaboraron na formación dos doutorandos do programa invitando ao noso estudiantado e colaborando na súa formación durante as estadias de investigación que realizaron de cara á obtención da Mención Internacional. Trátase, entre outras, das que tamén se da conta anualmente nos informes de seguimento: University of Edinburgh, KU Leuven, University of York, Lancaster Univ., Univ of British Columbia, Brown University, University College Dublin, U of Maryland, Zurich University, Ghent University, Univ. Of Chicago, Paris-Diderot 7, University College London, Georgia Technical University, Universidade do Minho, National University of Ireland, Loyola University Chicago, University of Wisconsin, Milwaukee, U. of Lovaina, University of Birmingham, U. Amsterdam, U. Friburgo, British Columbia Univ., Cork University, U. Tallin, U. California, U. Liverpool, Adam Mickiewicz de Poznan Univ., Katholieke Universiteit Leuven, U. Católica Portuguesa, U. Glasgow, Rockefeller Library, U. Central Lancashire, U. Amsterdam, U. Lincoln.

1.5.1. Acreditación da non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes

O título de doutoramento que se propón continúa a garantir a non coincidencia cos obxectivos e contidos doutros programas de doutoramento do Sistema Universitario Galego xa que se trata dun título onde participan as tres universidades galegas xunto con tres centros universitario de investigación, cun carácter moi especializado e centrado en exclusiva nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses. O reagrupamento do persoal académico e dos diversos grupos de investigación en Estudos Ingleses asegura a non duplicidade do mesmo así como optimiza o potencial dos recursos humanos e das infraestruturas existentes.

O programa de doutoramento que se presenta é esencialmente de carácter investigador, tendo como obxectivo final a formación de altos especialistas nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses: lingüística inglesa na súa vertente sincrónica e diacrónica, literatura e cultura inglesa e norteamericana, outras literaturas en lingua inglesa (irlandesa, escocesa, sudafricana, canadiense, australiana, etc.) e lingüística inglesa aplicada á tradución e ao ensino e aprendizaxe do inglés.

1.6 Outros.

1.6.1. Planificación da conexión das titulacións de grao, mestrado e doutoramento

Os Estudos Ingleses están representados no SUG en tres graos que se imparten nas Facultades de Filoloxía das tres universidades galegas. Os Departamentos implicados son o Departamento de Letras da U. da Coruña e os Departamentos de Filoloxía Inglesa e Alemá da USC e o de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá da U. de Vigo. Nestes tres graos existen similitudes en canto ao seus obxectivos e contidos. Por outra banda, os mesmos Departamentos e as Facultades respectivas están implicados no Mestrado de Estudos Ingleses e no programa de doutoramento que agora se presenta. De feito, as dúas titulación de posgrao (mestrado e doutoramento en estudos ingleses) comparten comisións académicas constituídas por representantes dos tres centros e dos Institutos de investigación implicados. Isto garante a coordinación entre estas titulacións. Non obstante, establece pontes entre os graos e as titulacións de posgrao a través dos coordinadores dos primeiros das tres universidades. A comisión académica do programa de doutoramento vela porque esa coordinación sexa realmente efectiva e se leve á práctica.

1.6.2. Coherencia da titulación proposta co Plano Estratéxico da universidade que fai a proposta

O título que se propón responde perfectamente ás directrices xerais do Plano Estratéxico da USC polas razóns seguintes:

- 1) Une potencialidades, sumando recursos humanos e materiais de tres universidades distintas e de diferentes grupos de investigadores e de catro institutos de investigación, nutrindo non só as liñas de investigación que se ofertan senón tamén o número e a especialización do persoal investigador participante. Isto permite que todas as grandes áreas dos Estudos Ingleses teñan cabida neste programa, facilitando aos doutorandos a posibilidade de levar a cabo investigación nas áreas do seu interese con total garantía de éxito.
- 2) Tal como xe explicou anteriormente, este novo programa interuniversitario, coordinado pola Universidade de Santiago, xurdiu como transformación de tres programas de doutoramento anteriores, todos eles distinguidos con mencións de calidade ou excelencia. Por esta circunstancia é fácil pensar que nun futuro este programa interuniversitario cumprirá satisfactoriamente os requirimentos para poder concorrir con posibilidades de éxito a convocatorias competitivas, podendo obter a mención de excelencia ou outra semellante de ser convocada.
- 3) Un dos obxectivos do programa que se presenta é incrementar o seu carácter internacional a través de novos convenios de colaboración con universidades europeas e norteamericanas e con grupos de investigación afíns ás liñas de traballo dos nosos equipos. A este respecto convén incidir que dispoñemos dun bo punto de partida, xa que contamos con acordos con máis de 30 universidades europeas e norteamericanas. Ademais do anterior, varios dos grupos de investigación adscritos ao programa participan en redes de investigación de carácter internacional.

- 4) Aínda que este programa persigue fundamentalmente a investigación nos Estudos Ingleses pódese considerar como claramente multidisciplinar xa que as liñas de investigación que o vertebran non son totalmente uniformes e estáticas senón que permiten desenvolver traballos onde conflúen diversas disciplinas desde perspectivas e metodoloxías de traballo moi diferentes, compartindo, en todo caso, como tronco común a lingua e a literatura/cultura dos países de fala inglesa; entre estas relacións con outros ámbitos de coñecemento pódense mencionar a Lingüística e a Psicología, a Lingüística e a Historia, a Lingüística e a Tradución, a Literatura e a Cultura, a Literatura e a Historia, a Lingüística e a Pedagogía, a Literatura e outras manifestacións artísticas (cinema, pintura, arte, comunicación audiovisual), a Literatura e a Tradución, etc.

1.6.3. Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TICs e novas tecnoloxías

A innovación docente e investigadora preside esta proposta de programa interuniversitario en Estudos Ingleses xa que precisamente un dos obxectivos esenciais é configurar e desenvolver un plan de acción que sexa realmente novidoso con respecto aos sistemas anteriores. Isto conseguírase basicamente coa unión dos recursos humanos e materiais das tres universidades galegas e coa colaboración efectiva de todos os grupos de investigación no ámbito dos Estudos Ingleses existentes na comunidade autónoma galega. Por outra banda, a proposta que aquí se presenta inclúe toda unha serie de accións e iniciativas formativas dirixidas aos doutorandos do programa que permitirán desenvolver competencias referidas de maneira específica á actividade investigadora. A propia participación neste programa de docentes de tres centros universitarios diferentes promoverá o intercambio de ideas e puntos de vista entre eles, favorecendo a innovación educativa. Asimesmo, afondarase na internacionalización do programa o que permitirá dar unha maior visibilidade aos traballos levados a cabo na comunidade científica galega.

As novas tecnoloxías atópanse no centro de interese deste programa de doutoramento xa que non se consideran unicamente como instrumentos de coñecemento, información e formación, senón que se convirten en sí mesmas en obxectos de investigación, xa que crean novos medios e formas de comunicación. É evidente que a tecnoloxías xeran coñecemento e as Humanidades non poden ser alleas ás achegas das mesmas. A formación dos investigadores en estudos ingleses pretende proporcionar unha mellor comprensión da información producida polas novas tecnoloxías e a súa relación cos problemas dos seus usuarios. Por último, cómpre apuntar que a importancia das novas tecnoloxías neste programa de doutoramento xustifica a inclusión de actividades formativas que buscan manter ao día aos doctorandos no uso de novos programas informáticos, bases de datos, recursos electrónicos, coleccións dixitais, sistemas de análise e tratamento de datos, Intelixencia Artificial, etc.

1.6.4. Incardinación en redes internacionais de calidade

Tal como se sinalaba anteriormente, destacamos o esforzo continuado por lograr unha verdadeira internacionalización do programa a través de diferentes planos de acción, estratexias e iniciativas; entre estas pódense mencionar as seguintes:

- a) O fomento dos programas de mobilidade de alumnos e docentes a través dos convenios Erasmus e similares xa existentes así como mediante a sinatura de novos acordos, se así se considera necesario. A memoria do programa dá boa conta do número de universidades participantes nos convenios.
- b) A organización de actividades formativas (cursos, seminarios, conferencias, obradoiros, reunións científicas) coa participación de expertos internacionais de prestixio. Para tal fin se utilizarán os fondos dos diversos grupos de investigación así como as axudas de mobilidade de ámbito autonómico e nacional que se poidan conseguir a ese respecto. As páxinas webs dos grupos de investigación asociados ao programa inclúen información sobre todas as actividades formativas e reunións científicas con indicación do número e excelencia dos expertos internacionais que participaron nelas.
- c) A consolidación e o fomento de novas vías de colaboración con grupos de investigación estranxeiros que traballen en liñas de investigación comúns ou afíns aos grupos integrados no programa.
- d) Captación de estudantes estranxeiros mediante a difusión de información das características do programa en foros internacionais. Nesta liña, destacamos a implementación e actualización da páxina web multilingüe completa e verdadeiramente informativa que pon en valor os puntos fortes do programa.
<http://www.idaes.eu>

2. Requisitos específicos:

O artigo 5.4 do Decreto da Xunta de Galicia polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece que as ensinanzas conducentes ao título de doutor organizaranse a través de programas de doutoramento que obrigatoriamente incluírán aspectos de formación investigadora dos seus doutorandos que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS, comprendendo tanto formación transversal como específico.

O programa que aquí se presenta cumpre satisfactoriamente tal requisito pois fomenta competencias transversais e específicas. Entre as primeiras pódense mencionar as seguintes:

- Capacidade de realizar unha análise crítica e de avaliación e síntese de ideas novas e complexas;
- Desenvolverse en contextos nos que hai pouca información específica;
- A crítica e defensa intelectual de solucións;
- Capacidade de fomentar en contextos académicos e profesionais, o avance científico, tecnolóxico, social, artístico ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento;
- Capacidades e destrezas persoais;
- Uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación así como outras vencelladas máis directamente ás Humanidades;
- Mellora da competencia oral e escrita no ámbito da comunidade científica; e
- Busca e explotación de recursos de investigación.

Dentro das específicas pódense mencionar:

- Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos a distintos ámbitos profesionais e disciplinares en relación directa cos Estudos Ingleses;
- Capacidade para utilizar as ferramentas necesarias para a óptima implementación dos coñecementos adquiridos co fin de acadar unha especialización interdisciplinar científica e profesional no ámbito concreto dos Estudos Ingleses;
- Capacidade para desenvolver competencias comunicativas con outros membros da comunidade académica, realizar e defender un traballo de investigación crítico, riguroso, orixinal e académico dentro da comunidade académica propia dos Estudos Ingleses; e, finalmente,
- Capacidade para utilizar as novas tecnoloxías da comunicación e información nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.

A continuación, descríbense algunhas das actividades formativas xa implementadas. Estas inclúen xornadas de orientación para os novos doutorandos, cursos monográficos, seminarios de investigación e obradoiros de técnicas de investigación.

Número 1:

- Denominación:** Graduate Day
- Nº horas:** 8 hs
- Detalle e planificación da actividade formativa:** Trátase dunha actividade anual que rota a sede de celebración entre as tres institucións participantes no título, e que inclúe, conferencias plenarias a cargo de recoñecidos expertos na especialidade (1 de lingua/lingüística inglesa e 1 de literatura(s)/cultura(s) en lingua inglesa), sesións nas que os doutorandos presentan os seus proxectos de tese ou os avances nos mesmos, mesas redondas nas que se informa de todos os aspectos relacionados co doutoramento (bolsas, carreira académica, procedementos de acreditación, etc.).
- Detalle de procedemento de control:** Control por parte da organización da asistencia así como certificado de participación aos doutorandos/as que exponen os seus traballos.

Número 2:

- Denominación:** Seminarios monográficos en Lingua/Lingüística/Literatura/Cultura inglesas
- Nº horas:** un mínimo de 30 horas totais
- Detalle e planificación da actividade formativa.** Anualmente os grupos e proxectos de investigación organizan numerosas actividades de formación, con asistencia e participación de especialistas nas que se convida a participar ao estudantado de grao, mestrado e doutoramento. No caso dos doutorandos/as, incentívase a súa participación presentando ponencias e comunicación.
- Detalle de procedemento de control:** Os alumnos asistentes levan a cabo un traballo baseado nos contidos do curso que servirá para comprobar o seu grao de comprensión e asimilación. Aqueles que participen de modo activo e realicen esta tarefa satisfactoriamente recibirán un certificado avalado polo programa.

Cómpre sinalar a este respecto que as tres universidades teñen demostrado unha longa experiencia na organización deste tipo de actividades. Os informes anuais de seguemento dan boa conta do número e variedade de seminarios organizados así como da participación dos doutorandos/as do programa. O número e variedade de actividades organizadas polos grupos tamén pode consultarse nas súas páxinas web enriba indicadas.

Número 3:

- Denominación:** Congresos da especialidade
- Nº horas:** (variable)
- Detalle e planificación da actividade formativa.** Participación en calidade de ponente en congresos da especialidade de ámbito nacional ou internacional. O resultado da aprendizaxe desta actividade é demostrar a capacidade de presentar unha investigación orixinal e inédita ante un público especializado.
- Detalle de procedemento de control:** Certificado emitido pola entidade organizadora do evento.

Número 4

- Denominación:** Actividades formativas de carácter transversal
- Nº horas:** mínimo de 20 horas totais
- Detalle e planificación da actividad formativa.** Organizadas polas Escolas de Doutoramento das tres institucións. Distribuídas ao longo do curso académico. O número e variedade pode consultarse nas webs das respectivas Escolas:
 -<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-doctorado-internacional-usc/formacion/transversales>
 -<https://udc.es/es/eid/formacion/>
 -<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doctorado/programas-doctorado>
- Detalle de procedimento de control:** Os alumnos ponentes adoitan a presentar un resumo das súas comunicacións e traballos para completar os cursos. Os asistentes deberán presentar un resumo das sesións nas que participen e unha valoración persoal.

Ademáis da ampla gama de actividades resumidas anteriormente, o programa fomenta a participación do estudiantado nos programas de formación e innovación docente que ofertan as tres institucións, e que están orientadas tanto ao profesorado como aos doutorandos. Trátase dun amplo abano de cursos que se pode consultar en:

-<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/formacion/PFID>

-<https://www.udc.es/es/cufie/UFA/PFI/>

-<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/pdi/mejora-tu-formacion-docente-investigadora> as tres institucións:

Ten particular relevancia para o título o fomento das estadias de investigación dos doutorandos e a súa participación en programas de mobilidade cara a obtención da Mención Internacional nos seus títulos de doutoramento. Neste senso as Comisións Académicas do Programa de Doutoramento promoven a sinatura de novos convenios de mobilidade de doutorandos e profesores, con outras entidades e institucións de ámbito nacional e internacional. O estudiantado tamén se beneficia dos contactos e colaboracións dos grupos e proxectos de investigación con especialistas extranxeiros cuxas institucións colaboran na realización das estadias dos doutorandos e doutorandas de cara a obtención da Mención Internacional, como xa se detallou anteriormente (páxinas 15-16 desta memoria).

Asimesmo, seguirán a promoverse accións de mobilidade a través de acordos entre distintos grupos de investigación, programas de mobilidade subvencionados por entidades públicas ou privadas, coma as do Ministerio, Xunta de Galicia, Universidades participantes no título, de cara a incrementar o número de doutorandos que obteñan a Mención Internacional, ou calquera outra incluídas no Programa Marco da Unión Europea.

2.1 Xustificación da previsión mínima de 10 doutorandos

O número de 10 doutorandos está garantido en función do volume de alumnos matriculados nos últimos anos, tal como se presenta na táboa que se achega. Ademais, o carácter interuniversitario do programa e o feito de que sexa o único destas características na Comunidade Galega resultará sumamente atractivo para os alumnos co que é previsible que este número vaia en aumento ou cando menos se manteña nos próximos anos.

Tabla 1: Número total de alumnos noveis matriculados dende a implantación do programa de doutoramento en estudos ingleses e desglosados por universidade

DATOS DO ESTUDANTADO MATRICULADO DE NOVO INGRESO

TOTAL

2013- 2014	2014- 2015	2015- 16	2016- 17	2017- 18	2018- 19	2019- 20	2020- 21	2021- 22	2022- 23	2023- 24
17	23	58	32	34	21	29	17	26	20	12

USC

2013- 14	2014- 2015	2015- 16	2016- 17	2017- 18	2018- 19	2019- 20	2020- 21	2021- 22	2022- 23	2023- 24
7	10	25	18	10	8	9	4	9	6	5

UDC

2013- 14	2014- 2015	2015- 16	2016- 17	2017- 18	2018- 19	2019- 20	2020- 21	2021- 22	2022- 23	2023- 24
3	3	21	9	12	5	11	7	4	8	3

UVigo

2013- 14	2014- 2015	2015- 16	2016- 17	2017- 18	2018- 19	2019- 20	2020- 21	2021- 22	2022- 23	2023- 24
7	10	12	5	12	8	10	6	13	6	4

MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

Tal como se indica a continuación, a proposta de título de doutoramento interuniversitario é totalmente viable economicamente cos recursos humanos e materias existentes na actualidade. A implantación do título non suporá en ningún caso unha carga económica para as institucións públicas senón unha fonte de ingresos para as mesmas. Ademais do anterior, e tal como se expuxo no preámbulo da memoria xustificativa, o feito de que esta titulación sexa interuniversitaria servirá para optimizar tantos os recursos humanos como os materiais.

1. Orzamento de funcionamento

Ao dispór de suficientes recursos humanos e materiais para a implantación e funcionamento do programa que se propón, non se considera necesario presentar un orzamento de funcionamento xa que os fondos dos que dispoñen os grupos de investigación e os institutos de investigación e as Escolas de Doutoramento aos que pertence o profesorado do programa serán suficientes para un correcto funcionamento do mesmo. Neste senso, cómpre salientar a elevada produción científica achegada polos docentes implicados na titulación que se traduce en recursos económicos orientados á realización de novas actividades académicas e formativas, e á consecución de recursos materiais e bibliográficos adicionais. Xa, por último, é importante mencionar a grande cantidade de convenios e contratos de colaboración asinados polos grupos de investigación con entidades e institucións de moi diverso tipo, desde empresas como Netbiblio, REPSOL e Construdata21, S.L. ata outras de carácter máis académico e profesional como é o caso do Instituto Cervantes, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, o Centro de Investigación Ramón Piñeiro, a Xunta de Galicia, a Sociedade Española de Reumatoloxía e o Complexo Hospitalario Juan Canalejo.

As Escolas de Doutoramento tamén teñen feito dende a implantación dos programas un esforzo por atender certas necesidades como é a oferta de actividades especialmente orientadas aos doutorandos. Deste xeito, na USC a Escola de Doutoramento está dotada dun presuposto compartido por todos os programas e orientado a estas actividades, e unha cantidade significativamente menor é repartida entre os programas segundo o número de doutorandos e co fin de cubrir pequenas necesidades de funcionamento do programa. O programa conta na UVigo coas seguintes vías de financiamento: (i) orzamento descentralizado proporcionado pola EIDO, formado por unha achega basal anual por programa e unha cantidade adicional, a modo de contrato-programa, en función do alumnado matriculado no curso académico e das teses defendidas. Este orzamento permite a adquisición de fondos bibliográficos especializados, a organización do evento ‘Graduate Day’ en Vigo, a cofinanciación de conferencias e charlas propostas polo cadro de profesorado, etc. (ii) axudas da EIDO á mobilidade do estudiantado, que garanten unha achega xenerosa para a realización de estadias, asistencia a eventos de formación, congresos, etc. (iii) premios aos mellores expedientes predoutorais. (iv) apoio económico facilitado polos grupos e proxectos de

investigación das persoas directoras de tese. No caso da UDC, os programas reciben unha financiación anual que varía e depende do estudantado matriculado e do número de teses defendidas.

Os grupos e institutos de investigación teñen evidenciado o seu compromiso co programa de doutoramento dende a súa implantación, aportando tanto recursos humanos como económicos. Xa se mencionou a súa capacidade de obter recursos en forma de proxectos e redes, de xeito que todos os grupos e equipos mantiveron a súa capacidade económica dende a implantación do programa e apoiaron ao título en forma de organización de eventos científicos (congresos, seminarios, participación na organización do Graduate Day), consecución de fondos bibliográficos de especial pertinencia para o estudantado do título, axudas á participación do estudantado en eventos científicos nacionais e internacionais, e mesmo mantemento da páxina web propia do programa de doutoramento.

2. Recursos humanos

A presente proposta de programa de doutoramento non conleva custos adicionais de persoal docente nin administrativo.

En canto ao cadro de persoal docente, tal como se explica na Memoria Académica, o programa conta coa participación dun total de 55 profesoras/es, todos con estabilidade contractual e experiencia docente e investigadora acreditadas. 14 profesores son catedráticos de universidade, 33 profesores titulares de universidade, 4 contratados doutores e 8 son axudantes doutores. Dende a implantación do título no curso académico 2013-2014 o cadro de profesorado foise renovando, de xeito que os profesores senior foron acreditándose á figura de catedráticos, outros conseguiron a titularidade e tamén se incorporaron profesores noveis. Todos eles aumentaron significativamente os seus méritos en forma de acreditacións, sexenios, publicacións e consecución de proxectos de investigación. E todo o profesorado incorporado ao programa tivo que aportar os méritos pertinentes avaliados polas CAPDs e polas Escolas de doutoramento. As actividades docentes deste profesorado e o labor de titoración de teses forma parte da súa adicación contemplada polas tres universidades.

Tamén dende a implantación do programa, estableceuse o costume da codirección de estes entre profesorado senior e profesores noveis co fin de inicialos no labor de titorización e dirección de teses. E foron moitos os profesores doutras universidades nacionais e estranxeiras que foron incorporados como codirectores de tese cando a temática da investigación así o require.

De feito, a tendencia á internacionalización do título fai que, como ten acontecido no caso dos antecedentes académicos que se detallaron na Memoria Xustificativa, exista a tradición de convidar a participar anualmente a recoñecidos especialistas estranxeiros. Os custes destes convites financianse mediante a participación en convocatorias públicas orientadas a tal fin, ou a través dos recursos aportados polos grupos e proxectos de investigación sen que supoña un custo adicional ás institucións universitarias.

En canto ao cadro de persoal administrativo, a natureza oficial do título que se oferta xa conleva que a meirande parte das tarefas administrativas sexan asumidas polo persoal administrativo dos departamentos, das facultades e das escolas de doutoramento ás que está adscrito o título. Así, as secretarías administrativas dos departamentos e dos centros implicados, os xestores de facultade, e o persoal das unidades de xestión da oferta académica e de matrícula, e das escolas de doutoramento contribúen ao correcto funcionamento do título sen necesidade de persoal adicional. A estas figuras cómpre engadir o traballo dos coordinadores e dos secretarios das comisións académicas (comisión académica central e subcomisións ao tratarse dun programa interuniversitario) que contribúen ao correcto funcionamento do título naquelas áreas onde teñan competencias e atribucións.

3. Recursos materiais e servizos

Os alumnos poderán facer uso dos recursos materiais e de apoio dispoñibles nas tres sedes. Como se detalla a continuación, os recursos son suficientes para garantir a calidade da formación dos futuros doutorandos. A continuación descríbense os recursos materiais e de infraestruturas existentes en cada unha das universidades. Compre subliñar que, dende a implantación do título, no curso académico 2013-2014 os recursos materiais e os servizos melloraron e se incrementaron de xeito moi significativo nas tres institucións participantes no título.

As infraestruturas, equipamentos e recursos que proporcionan as tres facultades asociadas ao programa aparecen detallados nas súas páxinas web:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoxia/equipamentos>

http://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/centros/detalleCentro/?curso=&codigo=613&page=Cod_Infraestructura

<http://fft.webs.uvigo.es/es/equipamentos-da-fft/>

A continuación aportamos algúns datos orientativos, correspondentes ao curso 2022/2023 relativos aos recursos materiais, servizos e equipamentos das tres sedes do título:

Datos referidos á Facultade de Filoloxía da USC

Nesta sección aportamos datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2022/2023, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación do programa (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

(1.1) Biblioteca: as coleccións da biblioteca comprenden máis de 210.666 volumes de monografías e máis de 2.500 títulos de revistas, das que 214 están en curso de recepción. Conta tamén con importantes bases de datos, tales como Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL). De acordo cos datos proporcionados pola dirección da Biblioteca da Facultade de Filoloxía, correspondentes ao curso

2022/2023, as cifras son as seguintes:

2022:

- Total títulos monografías: 171.088
- Total de volumes de monografías: 210.666
- Volumes de monografías ingresados: 2.903
- Títulos de publicacións periódicas: 2.770 (pechadas 2.556 e en curso de recepción 214)
- Volumes prestados no centro: 30.716
- Volumes do centro prestados na BUSC: 28.663
- Cursos impartidos: 3 (195 alumnos)
- Redes sociais: Pinterest, Facebook e Instagram
- Persoal: 4 Axudantes Técnicos e 6 Auxiliares de Biblioteca

(1.2.) Melloras no equipamento e infraestruturas:

No curso 2022/2023 leváronse a cabo as seguintes [melloras no equipamento e infraestruturas](#) da Facultade de Filoloxía da USC:

- Reparación porta de entrada da facultade
- Deshumidificador S&P 30 litros
- Monitor para cartelaría dixital 75".
- Transmisor extensor de vídeo
- Material de ferraxaría para a conserxaría do centro
- Material funxíbel informático, cabos, adaptadores, etc.
- Servizo de control de pragas 2023 na Facultade de Filoloxía
- Instalación de rosetas, cablaxe e conexións
- Subministración de móbel de estantes metálicos
- Realización de traballos de pintura, protección de suelos e selado en zona de escaleiras Facultade Filoloxía
- PC gama media-alta INTEL 17 12ª xeración
- Reparación porta de acero inox. Substituír o pasador superior
- Estantes modelo CS para a Biblioteca da Facultade
- Soportes exposicións
- Obra Facultade de Filoloxía sala eméritos e doutorandos

Obra Facultade de Filoloxía- Remodelación do primeiro andar

(1.3) Actividades do Plan de Acción Titorial (PAT):

([Actividades PAT2022 2023](#)):

No curso 2022-23 desenvóléronse as actividades seguintes, sinalando únicamente aquelas de particular interés para o programa:

- Actos de recepción dos estudantes alleos (15/9/2022)
- Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (1/12/2022)
- Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca
- Participación no Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC (Área de Orientación Laboral e Emprego).
- Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía (18, 19/4/2023)

Por último, a Facultade de Filoloxía da USC conta na súa páxina web cunha caixa de correo para queixas, suxestións e felicitacións: (<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/suxestions.html>).

Datos referidos á Facultade de Filoloxía da UDC

(1.1.) Biblioteca: os fondos bibliográficos son adecuados en cantidade, calidade, diversidade e actualización para as necesidades de docencia e investigación das Facultades de Filoloxía e de Turismo. Tras os anos condicionados pola crise sociosanitaria da COVID- 19, o servizo de Biblioteca encóntrase actualmente a pleno rendemento (número de postos, horario de atención, empréstitos, etc). De acordo cos datos proporcionados pola dirección da Biblioteca da Facultade de Filoloxía, correspondentes ao curso 2022/2023, as cifras son as seguintes:

Monografías en papel: 121.654; audiovisuais e material non librario: 6009 Revistas: 1357

Publicacións electrónicas: Monografías: 197.920

Revistas: 26.624

(biblioteca central + UDC consorciadas) Bases de datos

Biblioteca Central e UDC consorciadas: 52 Filoloxía e Turismo: 2

Novas adquisición Monografías: 2554

Revistas: 110

Subscripcións vivas

Revistas: 205

Bases de datos: 52 (Biblioteca Central) + 2 (Filoloxía e Turismo)

(1.2.) Melloras no equipamento e infraestruturas:

De acordo coa información facilitada polo Vicedecanato de Infraestruturas e Servizos da Facultade de Filoloxía da UDC, as actuacións en materia de infraestruturas e servizos foron as seguintes:

1.2.2. Orzamento

O orzamento asignado para o exercicio 2022 foi o seguinte:

II. 61.30 300C 212.00 Reparacións, mantemento e conservación de edificios e outras construcións: 8.493,25€.

II. 61.30 300C 220.00 Material de oficina: 9.639,63 €.

II. 61.30 300C 221.99 Subministracións: 6.757,30€.

VI. 61.30 300C 625.00 Mobiliario e equipamento: 11.663,87€.

1.2.3. Traballos dirixidos á redución do consumo enerxético

- Compra e instalación de tubos electrónicos de tecnoloxía led para substituír os tubos fluorescentes pendentes das áreas comúns do edificio.
- Substitución de 11 tubos led cristal 1500mm 22W 4000K e 20 tubos Led Cristal 1200mm 18W 4000 K: 441,27 €.
- Substitución de 8 tubos led T8 EM PRO 900 10,3 W, instalación de dúas pantallas estancas 1200mm 40 W e subministro e instalación dun sensor crepuscular en fachada: 371,50 €.

1.2.4. Melloras das condicións de seguridade do edificio

- Acondicionamento de falso teito do vestíbulo exterior de taboleiro de trepa acornellado sobre rastrel. Custo 17.929,27 €. Servizo de obras. Este traballo rematouse no mes de febreiro de 2023.
- Obra de reparación da cuberta do edificio de departamentos. Custo 6.347,66 €. Servizo de Obras.
- Obra de instalación e novos ancoraxes das baixantes de PVC existentes. Custo

7.630,26 €. Servizo de obras 3.815,13 €. Este traballo rematouse no mes de febreiro de 2023.

1.2.5. Melloras dos recursos docentes nas aulas e gastos en educación dixital

- Instalación de cámaras web e micrófonos no salón de graos e nas aulas 2.9, 2.12, 1.1, 2.6: 2.280,85 €.

1.2.6. Mantemento do edificio

- Reparacións de paredes, pinturas, persianas e pavimentos de varios espazos do edificio.
- Revisión de fontanería, electricidade, carpintaría e equipamento de diferentes espazos.
- Limpeza dos foxos de ascensores.
- Revisión e mantemento do grupo electrógeno da Facultade.
- Realización de limpeza extraordinarias da Biblioteca.
- Limpeza de graffitis da fachada da facultade.

1.2.7. Melloras no mobiliario da Facultade

- Adquisición de 3 papeleiras para material orgánico, inorgánico e plásticos para as zonas das aulas e de 5 papeleiras de material orgánico para o edificio de departamentos. Custo 1.789, 83 euros.
- Traslado de 70 pupitres do almacén xeral da UDC á facultade.
- Traslado de 70 cadeiras do almacén da Escola de Camiños.
- Compra de 32 cadeiras para a zona de traballo en grupo. Total custo 3.604,83.
- Adquisición dunha destrutora de papel marca Rexel modelo Optimum Autofeed 225M automática e de microcorte P5, 225 follas, papeleira extraíble de 60 L con rodas, 2020225 M. Total custo: 610 €.
- Adquisición de 3 monitores IPS 24 e 2 ordenadores Intel I5 10400, para a administración de Filoloxía. Total custo 1.808,35€.
- Adquisición de 3 monitores 24” Marca Philips modelo 243V7QDSB/00 IPS. Total custo: 493,96 €.

1.2.8. Actividades da Oficina de Medio Ambiente en infraestruturas

- Campaña de retirada dos equipos informáticos obsoletos dos despachos dos profesores, seminarios e da conserxaría para o seu tratamento na Oficina de Medio Ambiente.

- Baixa no inventario das equipas avariadas e tratamento dos materiais para a súa reciclaxe.

1.2.9. Outras xestións

- Obra de compartimentación e creación dunha zona de traballo no andar 0 da Biblioteca. Custo 5.189,75 €
- Demolición de tabique e acondicionamento das aulas 2.9 e 2.10. Custo 9.036,30 €. Servizo de obras
- Creación dunha sala de comedor con 16 postos e instalación dun microondas marca Ceotec modelo GrandHeat 2000, primeiro andar do edificio principal.
- Compra dunha televisión 65” marca LG modelo 65UQ75006LF: Total custo: 670 €
- Instalación no vestíbulo da Facultade dunha TV LG. Total custo da instalación 753,76 €

(1.3.) Actividades do Plan de Acción Titorial (PAT):

A Facultade de Filoloxía implantou o seu Plan de Acción Titorial (PAT) no curso 2007/2008 co alumnado de primeiro curso mais desde 2009/2010 estendeuse tamén ao estudantado matriculado nos mestrados da Facultade. Ademais, a Facultade de Filoloxía organiza cada ano varias actividades de orientación dirixidas aos/ás estudantes de todos os niveis:

- Semana de Acollida do alumnado de novo ingreso;
- Xornadas de Acollida para o alumnado entrante de mobilidade internacional;
- Xornada de Orientación Laboral;
- Xornada informativa sobre Mobilidade Erasmus;

Datos referidos á Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo

(1.1) Melloras no equipamento e

infraestruturas:

Reparación, mantemento e conservación (total: 78.027,59 €)

Edificios e outras construcións:

39370,87 €

Maquinaria, instalacións e

ferramentas: 35582,68 €

Mobiliario e equipamento:

3074,04 €

Material, subministracións e

outros:

Material de oficina 14896,75 €

Subministracións de servizos

administrativos 2731,82 €

Subministracións de docencia 3375

€

Comunicacións 143,75 €

Transportes 440 €

Reunións, conferencias e outros

2641,57 €

Outros gastos 150 €

Traballos realizados por outros

14608,63 €

Indemnizacións por razón do

servizo:

Axudas de custo e locomoción

948,71 €

Atencións protocolarias 4989,32 €

Publicidade e propaganda 2950 €

Investimento asociado ao funcionamento dos servizos:

Mobiliario e equipamento 2191,92 €

Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento:

Material, subministros e outros: 12409,52 €

Dotación de laboratorios docentes: 6258,12 €

(1.2) Biblioteca:

É o lugar de ubicación dos fondos bibliográficos e videográficos da Facultade, de 1.662 m2. Está adscrita á Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo e dotada de postos para consulta de fondos bibliográficos, postos para visionamento de vídeo e puntos de consulta en liña do catálogo. Os fondos supoñen case 80.000 títulos, así como unhas 800 publicacións periódicas. Ten salas de estudo para grupos, zona de

ordenadores con acceso a internet, zona de revistas e xornais, zona de ordenadores con acceso ao catálogo, zona de dicionarios de referencia con postos de estudo, zona de espazos de traballo e estudo individual, sala de revistas e unha sala de investigación de 3º ciclo. Tamén conta con servizo de reprografía para uso do persoal investigador. A biblioteca funciona con libre acceso aos libros e á zona de hemeroteca. Os fondos están no catálogo en liña e os investigadores e investigadoras poden acceder a el e realizar as súas peticións bibliográficas en rede. En situacións normais, ten 200 postos de lectura, 134 nas salas de estudo.

(1.3) Actividades do Plan de

Acción Titorial (PAT):

- Sesións informativas sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes
- Sesións informativas das coordinadoras dos graos para explicar as distintas opción das saídas profesionais e continuación de estudos (másteres e doutoramentos)
- Programas de formación dos/as mentores/as do *Peer Mentoring-FFT*
- Difusión do programa Peer Mentoring e captación do alumnado nos meses de maio e xuño de 2022.

A Facultade de Filoloxía e Tradución conta na súa páxina web cunha ligazón á caixa de correo para queixas, suxestións e felicitacións (<http://fft.uvigo.es/es/>).

4. Ingresos de matrícula e financiamento público

Os custos de matrícula para o estudantado do título e, por tanto, os ingresos de matrícula serán os determinados polos prezos públicos. Tomando como referencia os datos fixados no BOE do 23 de xullo de 2024, os ingresos previsibles serían aproximadamente 6.000 Euros (200.00 € de tutela académica x 30 estudantes), sen computar taxas correspondentes a defensa de teses e expedición de títulos de doutor/a. A estes ingresos habería que engadir o financiamento recibido polas universidades transferido dende a Comunidade Autónoma en función do número de alumnos.

As comisións responsables do programa comprométense en todo caso a participar en todas aquelas convocatorias de financiamento público que puidera haber orientadas a acadar fondos para programas con distincións académicas (calidade, excelencia, etc.), co fin de cubrir gastos de mobilidade de persoal docente e de estudantado, etc. Igualmente, os grupos de investigación contribuirán ao financiamento das actividades que se leven a cabo dentro do programa.

5. Custo de persoal docente e administrativo

Como se explicou no punto 2 desta Memoria Económica, non se prevén custos de persoal docente e administrativo. No caso de invitacións a especialistas doutras universidades, os gastos se cubrirían participando en convocatorias públicas, ou a través

dos propios fondos dos institutos, equipos e proxectos de investigación que participan no programa.

6 Orzamento actividades formativas do programa

O custe destas actividades axustarase o máis posible aos ingresos por matrícula e a outros fondos acadados a través de convocatorias públicas de mobilidade de profesorado e alumnado. Tal como se fixo constar anteriormente, a organización destas actividades non suporá en ningún caso unha carga económica adicional para as universidades participantes.

7. Política de bolsas

Ao tratarse dunha proposta de título de Doutoramento Interuniversitario, seguira a participar da política de bolsas xerais establecidas polo Ministerios con competencias, pola Comunidade Autónoma, así como as regulamentadas polas tres institucións universitarias que participan na proposta.

Na UDC, infórmase ao estudiantado de convocatorias de bolsas xerais e para estudantes de doutoramento na páxina: (http://www.udc.es/lista.html?urlmenu=/admission_bolsas/). Na USC, infórmase ao estudiantado de convocatorias de bolsas xerais no enderezo (<http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/index.html>), e na UVigo, na páxina (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/vida/), premendo no enlace “Bolsas”.

Na propia páxina web do programa de doutoramento, a través da lista de distribución propia do programa ([idaesglobal](http://idaesglobal.com)), e por correo electrónico, inclúese información concreta destas convocatorias de bolsas e as Comisións do título facilitan a participación do estudiantado nesas convocatorias cando así o requiran.